

PRESENTACIÓN DO PROXECTO



# ARQUITECTOS DE CABECEIRA

PREMIO DE ARQUITECTURA E URBANISMO CIDADE DE BARCELONA 2015 + FINALISTA PREMIOS MIES VAN DER ROHE 2017

## RELATOR

IBÓN BILBAO ESPAÑA

SUBDIRECTOR DA ETSAB E COORDINADOR DE GRAO. PROFESOR ASOCIADO E COLABORADOR EN DIVERSOS PORSGRAOS DA UPC. MEMBRO DE AQ4 CON OBRA PUBLICADA EN DIVERSAS REVISTAS NACIONAIS E INTERNACIONAIS

## DATA E LUGAR

FUNDACIÓN LUÍS SEOANE

07 DE SEPTEMBRO - 20:00

ENTRADA LIBRE ATE COMPLETAR AFORO

ARQUITECTOS DE CABECEIRA (AC) É UNHA METODOLOXÍA QUE NACE COMO PROXECTO ACADÉMICO NA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DE BARCELONA. TRABALLANDO DENDE A VIVENDA COLECTIVA NA CIDADE EXISTENTE, PRETENDE ACHEGAR A FIGURA DO ARQUITECTO AO CIDADÁN, ATENDENDO ÁS SÚAS NECESIDADES, E DEMOSTRAR QUE SEGUIMOS SENDO ÚTILES PARA A SOCIEDADE EN PLENA CRISE ECONÓMICA E SOCIAL.

## MÉDICO DE CABECEIRA OU MÉDICO DE FAMILIA

MÉDICO QUE SE ENCARGA DE CURAR OU PREVIR AS ENFERMIDADES DE TIPO XERAL E, EN CASO NECESARIO, REMITE AO ENFERMO AO ESPECIALISTA CORRESPONDENTE. O MÉDICO DE CABECEIRA COÑECE BEN AOS PACIENTES, TANTO NO SENTIDO MÉDICO (ANTECEDENTES DE SAÚDE PERSONAIS E FAMILIARES) COMO PERSONAL (VIDA PRIVADA E PROFESIONAL). A MIÚDO, ATENDE A VARIAS XERACIÓNS DUNHA MESMA FAMILIA.

ESTE COÑECEMENTO TAN AMPLO RESULTA MOI VALIOSO, XA QUE PERMITE ADAPTAR OS TRATAMENTOS ÁS CARACTERÍSTICAS DO PACEINTE E EXPLICARLLOS DO XEITO MÁIS APROPIADO. A CALIDADE DA RELACIÓN HUMANA E A PROXIMIDADE FAN DO MÉDICO DE CABECEIRA UN INTERLOCUTOR PRIVILEXIADO.

## ARQUITECTO DE CABECEIRA AC

TÉRMINO QUE PROVÉN DO ÁMBITO DA MEDICIÑA. AS FUNCIÓNS DO AC SON:

- ASISTENCIA TÉCNICA PERSONALIZADA
- INVESTIGACIÓN E ESTUDO CARTOGRÁFICO
- ADMINISTRACIÓN E XESTORÍA
- PROPOSTAS E PROXECTOS

O AC PRETENDE COÑECER A FONDO A VIDA DO USUARIO (SITUACIÓN PERSONAL, HÁBITOS, PERCORRIDOS NA CIDADE, PROBLEMÁTICAS, ACTIVIDADES, HISTORIAL, ETC) E ASÍ ESTAR CAPACITADO PARA ESTABLECER UN DIAGNÓSTICO GLOBAL E OFRECER AO USUARIO METODOLOXÍAS E SOLUCIÓNS. ESTA FÓRMULA IMPLICA QUE O USUARIO E O ARQUITECTO SE COÑEZAN, SE RESPETEN E AXUDEN PARA PODER TRABALLAR CONXUNTAMENTE.



CURSO DE VERÁN  
DA UDC

# OBRADOIROS DE MORFOLOGÍA URBANA

colaboran:

